



I TORNEO FUTBOL BASE “A ESTRADA FUTSAL” Reglamento de Competición

CATEGORÍAS

1. Alevín (nados/as en 2004-2005)
2. Infantil (nados en 2002-2003)

SISTEMA DE COMPETICIÓN

A competición establecerase a través do sistema de fase de grupos e fase final. Intentarase contar con dous grupos por categoría aínda que pode variar en función do número de participantes.

REGULAMENTO

A normativa do torneo será a establecida no regulamento da Liga Nacional de Fútbol Sala (Regulas FIFA) coas modificacións correspondentes que se establezan a posteriori desde a organización. Dispoñerase de árbitros federados do Comité Técnico de Árbitros da Federación Galega.

O NÚMERO MÁXIMO DE EQUIPOS SERÁ DE 12 POR CATEGORÍA (12 ALEVÍN E 12 INFANTIL).

Os equipos deberán acudir ao torneo coas fichas que a organización con anterioridade lles facilitou, debidamente cumprimentadas en todos os seus extremos e á que acompañarán do orixinal do DNI e CUNHA FOTOCOPIA DO MESMO GRAPADA NUNHA DELAS.

1. O primeiro de cada grupo e o mellor segundo da fase de grupos, da categoría alevín e infantil, clasificaranse directamente para as semifinais. (Isto pode variar segundo o número de equipos participantes).

2. O balón que se utilice no Torneo será tamaño de 58 cm para alevíns e de 62 cm para infantís.

3. A duración dos partidos será de 12 minutos cada parte a reloxo corrido cun descanso de 2 minutos entre tempos. Só se parará o tempo en caso de lanzamento dun dobre penalti, dentro do último minuto. Na final cada equipo disporá dun tempo morto en cada parte e os penaltis e os dobres penalti executaranse co reloxo parado.

4. As sancións para as tarxetas vermellas serán da seguinte forma:

- Si a tarxeta vermella é debido a dobre tarxeta amarela, esa expulsión non carrega suspensión no seguinte partido.



- Si a tarxeta vermella é directa e se produce por un lance do xogo (entrada por detrás, codazo nun salto de cabeza...) e sempre por decisión do árbitro, ese xogador non poderá xogar o seguinte partido.
- Si a tarxeta vermella directa se produce por unha agresión a un contrario, a un membro arbitral ou outro tipo de acto con carácter grave, o xogador quedará automaticamente expulsado por un número determinado de partidos que será estipulado polo comité de competición.

5. Para poder participar no presente Torneo será requisito imprescindible presentar antes do primeiro partido de competición as correspondentes licenzas federativas, documento nacional de identidade ou libro de familia coa correspondente folia de inscrición.

6. O número de xogadores por equipo inscritos será dun mínimo de 5 e un máximo de 12, sendo necesario para o inicio do encontro un mínimo de 4 xogadores. Os equipos poderán ser mixtos. Ademais, un adestrador e un delegado que serán os únicos acreditados para estar no banco.

7. Os xogadores inscritos nunha categoría non poden participar noutra. Se un equipo incurre en aliñación indebida, sancionase coa perda do partido por 3-0 e descontaráselle 3 puntos da clasificación.

8. O Torneo xogarase polo sistema de liguiña, xogando cada equipo un máximo de seis partidos ata as semifinais e final que loxicamente serán a partido único. Por cada partido gañado compatibilizaranse 3 puntos, 1 por cada partido empatado, e 0 puntos por cada partido perdido.

- Campión de grupo:

- a) O equipo que obtivese máis puntos.
- b) En caso de empate a puntos entre dous equipos, mirarase o golaveraxe particular.
- c) Si o empate persiste ou hai implicados tres ou máis equipos, terase en conta o golaveraxe xeral entre os equipos implicados.
- d) Si segue existindo o empate, o equipo que máis goles obtivese.
- f) Se non hai máis remedio sería unha moeda ao aire a que decidise o equipo campión.



9. En caso de empate na fase final (semifinais e final), o ganador ditaminarase polo lanzamento de cinco penaltis.

10. No caso de que dous clubs coincidan co mesmo cor de indumentaria deportiva e o árbitro determine que non pode comezar o encontro pola coincidencia de cores, lanzarase unha moeda ao aire para determinar que equipo tería que cambiar de cores colocándose os seus xogadores uns petos que lle serán entregados pola Organización.

11. O equipo que non se presente á hora que ten determinada para xogar, perderá o partido por 3 – 0. Establécese unha marxe de cortesía de 2 minutos.

12. Cada equipo ten media hora unha vez finalice o encontro obxecto da reclamación, para realizar a mesma ao comité de competición, cuxas decisións son inapelables.

13. No pavillón de deportes habilitarase un espazo informativo para a publicación dos grupos, horarios de partidos e clasificacións.

14. A AESTRADA FUTSAL non se fai responsable dos posibles accidentes deportivos ou lesións que poidan sufrir os nenos durante o desenvolvemento do vixente torneo no caso de que o seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil non se faga cargo.

15. Calquera outra circunstancia que se produza no desenvolvemento do torneo e que non estea reflectida nas presentes bases estará suxeita ao criterio do Comité Organizador, formado por membros designados polo A ESTRADA FUTSAL.

16. A participación no torneo presupón a aceptación das presentes normas.

A Estrada Futsal